

Concello de Outes

Expediente núm.: 450/2022

Procedemento: Selección de persoal e provisión de postos.

Asunto: Bolsa de emprego para o posto de CAPATAZ da brigada forestal

RESOLUCIÓN ALCALDÍA

D. Manuel González López, alcalde do concello de Outes (A Coruña), na data que figura á marxe, dito a seguinte RESOLUCIÓN:

Vistos os antecedentes obrantes no expediente e tendo en conta a necesidade de dispoñer de persoal para a cobertura do posto de capataz para a brigada forestal municipal,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar para este trámite concreto a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución 2019-0171 do 28 de xuño, motivada pola urxencia e interese económica e social consonte o artigo 10.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar as bases e a convocatoria que rexen o proceso de selección, para a creación dunha bolsa de emprego que permita cubrir o posto de posto de traballo de **capataz** da brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Outes, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, nas condicións establecidas nas bases da convocatoria, as cales se transcriben de seguido:

“1º) Obxecto da convocatoria

As presentes bases teñen por obxecto a creación dunha bolsa de emprego para o posto de CAPATAZ da brigada forestal do Concello e Outes.

2º) Duración e tipo de contrato.



Concello de Outes

A contratación deste posto terá carácter temporal. A modalidade de contrato será calquera das previstas no RD 32/2021 do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, (BOE núm. 313, de 30 de decembro de 2021).

3º) Obxecto do contrato.

Desenvolver as tarefas propias do citado posto de traballo na brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Outes, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

4º) Requisitos xerais dos aspirantes.

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

a) Ser español, nacional doutro estado membro da Unión Europea, cónxuxe dos anteriores que non estea separado de dereito, ou descendentes que sexan menores de idade ou maiores e dependentes deles. Tamén poden participar as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais convidados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa aplicable a libre circulación de traballadores. Os aspirantes non residentes en España, que non teñan a nacionalidade española ou de calquera outro estado da Unión Europea, deberán achegar á súa solicitude o documento que xustifique o cumprimento da condición que aleguen.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír capacidade funcional para desempeñar as tarefas propias do posto de traballo, que se xustificará por medio de informe médico.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.



5º) Requisitos específicos

a) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñería técnica forestal, Técnico/a superior en xestión e organización de recursos naturais paisaxísticos, Técnico/a en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación equivalente.

b) Permiso de conducir B.

c) Acreditación coñecemento lingua galega (Celga 4 ou equivalente); para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4 ou equivalente), deberán superar unha proba de coñecemento segundo se detalla na base DÉCIMA da presente convocatoria.

6º) Publicidade da convocatoria

Esta convocatoria publicarase na páxina web do Concello www.outes.gal , na súa sede electrónica <https://outes.sedelectronica.gal/info.0>, no taboleiro de edictos e nun dos xornais de máis tirada na comarca.

7º) Solicitudes

As persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida á Alcaldía do Concello, axustada ao modelo que se prevé no anexo I. Coa solicitude deberanse achegar os seguintes documentos:

- DNI;
- Títulos da formación esixida e permiso de condución;
- Informe médico que xustifique que o aspirante ten aptitude física para realizar as probas físicas de selección desta convocatoria e desenvolver as tarefas do posto de traballo;
- Documentación xustificativa dos méritos alegados.
- Acreditación do Celga 4 ou equivalente.



Concello de Outes

Se a totalidade, ou parte, da documentación arriba citada obra en poder do Concello, a persoa interesada farao constar deste xeito na súa solicitude, facendo referencia igualmente ó ano no que, concorrendo á correspondente convocatoria, foi achegada. Queda excluído o informe médico relativo á aptitude física, que debe ser actualizado.

8º) Prazo e presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles**, contados a partir da publicación das presentes bases na páxina web e sede electrónica municipais.

As solicitudes poderán presentarse:

1.- Dixitalmente, a través da sede electrónica do Concello, na seguinte dirección:

<http://outes.sedelectronica.gal> . Esta sede é accesible directamente a través do portal do Concello <http://www.outes.gal> .

2.- Presencialmente, no rexistro xeral do Concello de luns a venres en horario de 9.00h a 14.00h horas.

9º) Admisión

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, por Alcaldía ditarase unha resolución coa listaxe de persoas admitidas e excluídas, coa causa de exclusión, e concederá un prazo de tres días hábiles para a posible emenda dos motivos de exclusión. Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a Resolución coa listaxe definitiva de persoas admitidas neste proceso selectivo e tamén as datas previstas de realización das probas as persoas aspirantes. Nesa mesma Resolución figurará tamén o número máximo de sesións das que constará este proceso.

As listaxes e todos os acordos e resolucións do tribunal publicaranse na páxina dixital do Concello - www.outes.gal - e no taboleiro de anuncios do Concello, identificándose as persoas aspirantes co seu nome e apelidos.



10º) Proceso de selección

A selección levarase a cabo por medio do sistema de concurso-oposición, combinando probas obxectivas de carácter práctico-físico, valoración de méritos persoais e entrevista curricular persoal.

1. Proba física:

Terá a cualificación de apto-a /non apto-a e terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en camiñar 3.200 m sobre terreo chan, nun tempo máximo de 30 minutos, cun peso de 11 Kg ás costas.

As persoas aspirantes que non completen a proba no tempo fixado serán excluídas do proceso selectivo.

Os/as aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización da proba. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para hidratación.

O tempo acadado terase en conta no caso de que se produza un empate na puntuación acadada na valoración dos méritos.

2. Experiencia profesional:

A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballos semellantes, **0,10 puntos por mes ata o máximo de 3,00 puntos**. Xustificarse por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.

3. Formación:

Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados co posto de traballo que se convoca e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, ata un **máximo de 3,00 puntos**:

-de menos de 15 horas: 0,10 puntos

-de 16 a 40 horas: 0,20 puntos



Concello de Outes

- de 41 a 70 horas. 0,35 puntos
- de 71 a 100 horas: 0,50 puntos
- de máis de 100 horas: 0,75 puntos

4. Entrevista:

O tribunal convocará as persoas aspirantes a unha entrevista, que terá por finalidade avaliar a dispoñibilidade, a súa adecuación ao posto de traballo convocado e o coñecemento do territorio.

Puntuarase ata un **máximo de 2,00 puntos**. A falta de presentación do/da aspirante á entrevista significará a súa eliminación do proceso selectivo.

5. Proba escrita de coñecemento do galego

Esta proba será cualificada como APTO/A ou NON APTO/A e terá carácter eliminatorio, sendo a cualificación como NON APTO/A motivo de exclusión do procedemento selectivo (artigo 51 Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril). Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas que acrediten que posúen o Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG Núm. 34. 19 de febreiro de 2014). Non se admitirá a presentación de dita acreditación fora da presentación de instancias. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto/a, co apoio da persoa titular do Servizo de Normalización Lingüística do Concello que será a encargada de elaborar e corrixir dita proba.

11º) Tribunal cualificador.

Estará composto do seguinte xeito:

- Presidente: D. Andrés Busto Allo, técnico de promoción económica do Concello, ou persoa que legalmente o substitúa.



Concello de Outes

- Vogais: D. José María García Moas, arquitecto técnico municipal, D^a Sofía Pérez Figueira, técnico auxiliar de urbanismo do Concello, D. Manuel Rama Dosil, auxiliar de servizos sociais ou persoas que legalmente os substitúan.

- Secretaria: D^a Juana Pedrosa Leis, educadora familiar do Concello, ou persoa que legalmente a substitúa.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría segunda do artigo 20 da dita norma.

O tribunal poderá incorporar persoal asesor especializado nas probas de selección.

12º) Puntuación final.

Unha vez sumadas as puntuacións obtidas na fase de concurso e na entrevista, o tribunal formulará a proposta de resolución que conterà as persoas participantes ordenadas por puntuación de xeito decrecente.

En caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios para o desempate:

1. Menor tempo rexistrado na proba física.
2. Acreditación da maior antigüidade como persoa desempregada.

O funcionamento desta bolsa de emprego suxeitarase ás seguintes regras:

1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento a través de medios electrónicos para presentar a correspondente documentación acreditativa:

1. Informe médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.
2. Declaración xurada de que non foron separados mediante expediente disciplinario do servizo ás Administracións públicas nin atoparse inhabilitados para o exercicio de funcións públicas



Concello de Outes

De non facelo, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e polo tanto decae da bolsa, e pasándose á seguinte persoa candidata na bolsa.

2) A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado implicará que o/a candidato/a pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dous chamamentos sen xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta e polo tanto non pasará a persoa candidata ao último lugar da listaxe, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.
- Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- Atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustificado o anterior o aspirante pasará ao mesmo posto que ocupaba na bolsa.

A presentación da documentación acreditativa das anteriores circunstancias efectuarase, unha vez comunicada por escrito ao Concello, no prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello. Se nese prazonon aporta os xustificantes considerase cousa sen xustificar e procederase de conformidade co punto 2).

3) Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

- a) Ter sido separado/a do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.
- b) A renuncia a dous chamamentos sen xustificar.
- c) Renuncia voluntaria.



Concello de Outes

4) Quen, no seu caso, resulte contratado, volverá a ocupar o mesmo lugar na bolsa de emprego unha vez remate o contrato.

A bolsa de emprego estará vixente namentres non se constitúa outra de análogas características que a substitúa e por un prazo máximo de 3 anos dende a súa constitución. Así mesmo, a convocatoria está vinculada á sinatura do convenio interadministrativo entre o Concello de Outes e a Consellería de medio Rural para accións de prevención e defensa contra incendios forestais.

13º) Formalización do contrato

O contrato formalizarase por escrito coa persoa seleccionada no prazo máximo de cinco días desde que se publique o nomeamento. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días.

14º) Retribucións

- Capataz: 1.600,00 €/mes. As retribucións teñen carácter bruto e inclúen todos os conceptos salariais.

15º) Normativa reguladora

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións pública, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no tocante á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo RD legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.



16º). Protección de datos de carácter persoal

De acordo coa Lei orgánica 3/20185 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila nº 1, 15230, OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.



ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo SOLICITA ser admitida no proceso de selección para a creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal para o posto de CAPATAZ da brigada de prevención e defensa contra o lume forestal, DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Outes.

DATOS PERSOAIS

- DNI: _____
- APELIDOS e NOME: _____
- TELÉFONO/S DE CONTACTO: _____
- CORREO ELECTRÓNICO: _____

DOMICILIO

- Enderezo: _____




Concello de Outes

En relación co indicado SOLICITO ser admitido/a para participar no procedemento de selección de:

- Capataz

A instancia acompáñase de (sinalar cun X segundo proceda):



Cópia cotexada do DNI.

Cópia cotexada do permiso de conducir.

Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente cotexada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data do inicio e do remate da contratación, así coma a categoría profesional (informe da vida laboral e copia dos contratos de traballo ou certificados de empresa).

Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia cotexada da formación achegada polo aspirante.

Informe médico

Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.

OUTES, _____ de _____ de 2022.

Asdo.: _____

Consonte ao disposto na Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e os dereitos dixitais, *os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Outes relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.*

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as



Concello de Outes

especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicionada das bases aprobadas“

TERCEIRO. Publicar o texto íntegro das bases da convocatoria que deben rexer o proceso selectivo consonte co establecido no contido das anteditas bases.

CUARTO. Convocar aos membros do tribunal para formar parte do órgano de selección da referida convocatoria e que figuran nomeados nas bases reguladoras da convocatoria.

Outes, na data que figura á marxe.

O alcalde

D. Manuel González López

A secretaria da Corporación

D^a. Minia Astray Barca

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

